

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, XESGALICIA SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO CERRADO S.A.U., O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO E VIGO ACTIVO SOCIEDADE DE CAPITAL DE RISCO DE RÉXIME SIMPLIFICADO SA; PARA O DESENVOLVEMENTO DA QUINTA EDICIÓN DO PROGRAMA VIAGALICIA.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2017

REUNIDOS:

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta DE GALICIA, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 116/2015, do 4 de outubro (DOG nº190, do 5 de outubro), actuando no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e polo Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria; presidente da Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e apróbanse os seus estatutos; presidente do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE), por razón do seu cargo e en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica; e presidente do Consello de Administración de XESGALICIA, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (en diante, XESGALICIA), en virtude do disposto no artigo 18 dos seus estatutos.

Doutra parte, Dña. TERESA PEDROSA SILVA, Delegada Especial do Estado no CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO (en diante, o CONSORCIO), nomeada para o devandito cargo polo Real Decreto 372/2012, do 10 de febreiro, actuando habilitada para o efecto do presente outorgamento por acordo do Comité Executivo do Consorcio na súa sesión de xxx, segundo certificación expedida polo Secretario Xeral do Consorcio da Zona Franca de Vigo que se achega; e Presidenta do Consello de Administración de VIGO ACTIVO SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO DE RÉXIME SIMPLIFICADO, S.A. (en diante, VIGO ACTIVO), nomeada para o devandito cargo con data de 29 de novembro de 2012, inscrito no Rexistro Mercantil de Pontevedra e

publicado na sección da provincia de Pontevedra do BORME número 236, de data do 11 de decembro de 2012, actuando habilitada para o efecto do presente outorgamento por acordo do Consello de Administración adoptado en sesión do día xxx, segundo certificación expedida polo Secretario do devandito Consello, que se achega.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para ese efecto,

EXPOÑEN:

1. Que GAIN é unha axencia pública autonómica adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria, creada polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, ao amparo da autorización prevista na disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que, de acordo cos seus estatutos, ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias de innovación eficientes.

Para a consecución dos seus obxectivos, GAIN, de acordo co artigo 10 dos seus Estatutos, poderá colaborar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado, a través dos correspondentes convenios de colaboración.

2. Que IGAPE é a Axencia, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do IGAPE é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

Entre as empresas participadas polo IGAPE atópase XESGALICIA, empresa pública, que desde o ano 1999 financia o desenvolvemento empresarial mediante participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas, outorgando, como complemento, préstamos participativos ou préstamos ordinarios a longo prazo a empresas participadas, realizándoo a través da xestión e administración de diferentes e específicos Fondos de Capital Risco.

3. Que o CONSORCIO, creado mediante o Decreto do 20 de xuño de 1947, é unha entidade de dereito público dependente do Ministerio de Facenda cuxo obxecto, segundo figura no seu Estatuto Fundacional (aprobado por Orde do Ministerio de Facenda do 24 de xullo de 1951, e modificado por Orde do 11 de maio de 1998) é, ademais da explotación da Zona Franca, a contribución ao desenvolvemento e dinamización económica e social da súa área de influencia, configúrase, na práctica, como unha axencia de desenvolvemento local.

Con este carácter, o CONSORCIO vén realizando actuacións de importante repercusión e transcendencia económica como, a modo de exemplo, a creación e promoción do chan empresarial, o impulso ao emprendemento, a innovación e a internacionalización ou a prestación de servizos de información a empresas a través do programa ARDÁN, servizo de información empresarial orientado ao público en xeral.

4. Que VIGO ACTIVO é unha empresa pública, participada polo Consorcio da Zona Franca de Vigo (83,83%), por Abanca Corporación Industrial e Empresarial, S.L. (16,05%), e pola Cámara de Comercio de Vigo (0,12%), que desde o ano 1993 apoia o crecemento de empresas, fundamentalmente, a través do financiamento de capital risco.

5. Que a Xunta de Galicia aposta pola innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de atracción de actividades de alto valor engadido.

6. Que o CONSORCIO, no seu carácter de axencia de desenvolvemento local, considera que o fomento ao emprendemento e á innovación será un dos alicerces básicos sobre os que se cimentará o crecemento da economía galega.

7. Que para ese efecto, o CONSORCIO, no marco dos seus programas de apoio ao emprendemento e á innovación, creou, no ano 2012, VIAVIGO, como un programa cuxo obxectivo é a aceleración de proxectos innovadores e invertibles, aos que se acompaña na súa validación, posta en marcha, financiamento e maduración.

O dito Programa configurouse como *un programa de alto rendemento* de ata 18 meses de duración, que combina, a supervisión dun equipo de expertos en emprendemento, formación,

titorización e mentoring, cun espazo de traballo en coworking e coa achega de financiamento para arrincar os proxectos.

8. Que tras o éxito conseguido pola primeira convocatoria, o CONSORCIO, VIGO ACTIVO, GAIN, IGAPE e XESGALICIA, asinan, con data de 17 de outubro de 2014 un convenio para o desenvolvemento da Segunda Edición para acelerar ata 10 proxectos. O 8 de outubro, as mesmas institucións asinan un novo convenio para desenvolver a Terceira Edición que incluíu como novidade o establecemento dunha nova sede na provincia de Lugo, ampliando así o Programa ao resto da Comunidade Autónoma, e facilitando o acceso ao mesmo. O 20 de xullo de 2016, asinouse o convenio para o desenvolvemento da Cuarta Edición que incorpora como novidade a colaboración do CIS Ferrol-Centro de Innovación e Servizos de Deseño e a Tecnoloxía para apoiar o desenvolvemento de proxectos de 4.0 e inclúese o apoio ao desenvolvemento do sector aeroespacial ao posibilitar á selección de ata 4 proxectos deste sector.

Os citados convenios foron asinados para regular a colaboración e participación activa das partes no desenvolvemento do Programa, mediante actuacións, tales como, prestación de apoio á comunicación e difusión do Programa, participación no Comité técnico do mesmo con funcións de avaliación e selección de proxectos; así como mediante a prestación de recursos económicos, tanto para a posta en funcionamento do citado Programa, como encamiñadas a favorecer o desenvolvemento dos proxectos seleccionados segundo diversos criterios determinantes da acelerabilidade e investibilidade dos mesmos.

A dita colaboración incluíu ademais, como obrigacións do IGAPE e de XESGALICIA, o apoio na comunicación e difusión do programa, e a concesión de préstamos participativos reembolsables, a través do Fondo GIE, Galicia Iniciativas Emprendedoras FCR-Peme, respectivamente.

9. Que, tendo en conta os antecedentes expostos, o CONSORCIO organiza unha Quinta Edición do Programa VIAGALICIA, na que se prevé o mantemento da sede de Lugo, e da sede de Vigo (situada en Nigrán).

Ademais, nesta edición implementarase, como novidade, o Programa de Seguimento, Avaliación e Consolidación da Aceleradora VIAGALICIA que terá como obxectivo realizar unha análise do traballo realizado nas edicións anteriores por parte do Comité Técnico, facer un seguimento das iniciativas participantes e, no seu caso, darlles a oportunidade de acelerar ou consolidar o seu proxecto.

10. Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, dispón no seu artigo 2 que a mesma ten como obxectivo coordinar e potenciar os esforzos destinados a promover o coñecemento científico, contribuír eficazmente á consolidación da posición das empresas e institucións galegas no ámbito competitivo europeo e internacional, e posibilitar un cambio no modelo produtivo galego cara a outro centrado na innovación.

Este Programa alíñase, tanto coas previsións recollidas na Lei 5/2013, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, como coas prioridades contidas no Plan de Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (“RIS3”).

Que a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización establece como obxectivo no seu artigo primeiro o apoio ao emprendedor e a súa actividade empresarial, favorecer o seu desenvolvemento, crecemento e internacionalización e fomentar a cultura emprendedora e unha contorna favorable á actividade económica, tanto nos momentos iniciais ao comezar a súa actividade como no seu posterior desenvolvemento, crecemento e internacionalización.

11. Que a Lei 9/2013, do 19 de decembro de 2013, do emprendemento e da competitividade económica en Galicia, ten por obxecto, de acordo co establecido no seu artigo 1, a definición dun marco normativo específico na Comunidade Autónoma de Galicia que incentive a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento, a través da xeración de cultura emprendedora, a formación, a flexibilización dos trámites administrativos, a ampliación dos prazos de validez dos permisos e a introdución de instrumentos financeiros, servizos específicos ás persoas emprendedoras e incentivos fiscais.

12. Que o 27 de decembro de 2012, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Economía e Competitividade (MINECO), asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento en

Galicia da Estratexia Española de Innovación (DOG nº 26, do 6 de febreiro de 2013). Entre as actuacións susceptibles de desenvolverse con cargo ao convenio están as relativas a centros de excelencia e crecemento empresarial, impulsando a excelencia nos procesos de planificación estratéxica da innovación empresarial das PEMES galegas, e creando un foro onde compartir as boas prácticas na xestión da innovación na empresa.

De acordo cos antecedentes anteriormente indicados, e coas previsións contidas nas referencias normativas sinaladas, e tendo en conta o evidente beneficio que actividades como as desenvolvidas por este tipo de programas reportan ao conxunto da sociedade, GAIN, IGAPE, XESGALICIA, o CONSORCIO e VIGO ACTIVO; teñen interese en xuntar esforzos e poñer en común as súas sinerxias e experiencia en prol da potenciación de programas de innovación e emprendemento que, tendo éxito en edicións anteriores, constitúen un inestimable incentivo ao crecemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A colaboración das partes no desenvolvemento desta nova edición, plasma a efectiva realización dun interese público e fai que resulte xustificada a participación da administración na actividade prevista para conseguir resultados comúns aos intereses das partes asinantes.

Con tal motivo, as partes consideran de especial interese a súa colaboración na xestión da **Quinta Edición do Programa VIAGALICIA** e, para ese efecto, os aquí comparecentes subscriben o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.

O presente Convenio ten por obxecto:

A) Sentar as bases de colaboración entre as partes para o desenvolvemento da 5ª Edición do Programa VIAGALICIA, unha iniciativa de aceleración de proxectos innovadores que conta co éxito do desenvolvemento precedente de catro edicións.

O Programa estrutúrase nas seguintes fases:

1. Convocatoria (inscripción en liña).
2. Startup day (sedes de Vigo e Lugo).
3. Academia (sedes de Vigo e Lugo).
4. Demo day (sedes de Vigo e Lugo).
5. Aceleradora (sede de Vigo).
6. Investors day (sede de Vigo)

B) Implementar, por primeira vez, o Programa de Seguimento, Avaliación e Consolidación.

Este programa persegue analizar o traballo feito na aceleradora VIAGALICIA nas súas edicións anteriores e darlle continuidade, así como consolidar aos proxectos máis destacados nas fases de aceleración. Para iso, integra as seguintes actuacións:

1. **Seguimento e avaliación** dos proxectos participantes na aceleradora VIAGALICIA:

Como paso previo e necesario deste novo programa, o Comité Técnico levará a cabo, de oficio, unha análise e seguimento da evolución dos proxectos de emprendemento innovador participantes nas anteriores edicións deste programa de aceleración, o que se traducirá no correspondente informe.

2. **Selección** dos mellores proxectos das fases de Academia:

Realizarase unha convocatoria dos proxectos participantes na fase de academia das dúas edicións anteriores que non resultaron seleccionados para a fase de aceleración correspondentes. O Comité Técnico poderá seleccionar, de acordo coas bases establecidas como ANEXO II, ata dous proxectos de emprendemento que pasarán á fase de aceleración da Quinta Edición do Programa.

3. **Consolidación** dos mellores proxectos das fases de Aceleración:

As sociedades participantes na fase de aceleración de todas as anteriores edicións do programa, xunto coas aceleradas na presente e quinta edición, poderán participar, de acordo coas bases establecidas como ANEXO IV, nesta fase de consolidación na que se seleccionarán:

- a. O “Mellor proxecto empresarial da Aceleradora ViaGalicia”, que optará a unha nova rolda de financiamento de 150.000 euros (75.000 euros por parte de Xes Galicia e 75.000 euros por parte de Vigo Activo).
- b. O “Proxecto máis Innovador da Aceleradora ViaGalicia”, no que se recoñecerá o esforzo investigador e innovador do emprendemento empresarial en Galicia.

Ambos os dous seleccionados daranse a coñecer nun acto público no que participarán todas as entidades colaboradoras neste convenio.

Segunda.- Descrición das actuacións e obrigacións do CONSORCIO.

O CONSORCIO habilitará, novamente para esta Quinta edición do Programa, as dúas sedes ata a Fase de aceleración, situadas en Vigo e Lugo; con todo, a Fase de aceleración, e o Investors day realizaranse de forma conxunta na sede de Vigo. Con todo, o Comité técnico do Programa poderá reorganizar as sedes en función do número de candidaturas.

O CONSORCIO en por si ou a través de terceiros, coordinará a execución da Quinta edición do programa VIAGALICIA a través das seguintes actuacións:

Fase I - Convocatoria: consiste no lanzamento dunha convocatoria pública de captación de proxectos de emprendedores. De entre os proxectos presentados, e que terán que inscribirse on line na plataforma habilitada para ese efecto, despois das correspondentes entrevistas (ata un máximo de 120 para ambas as sedes), e tras a aplicación dos criterios definidos nas bases de Viagalicia, procederase á publicación da relación das candidaturas seleccionadas, sendo estas un máximo de 80 (40 candidaturas seleccionadas para cada unha das sedes). Estes seleccionados serán os que participarán na seguinte fase.

Fase II - Startup Day: levaráse a cabo en dúas sesións diferentes, unha por cada sede, nas que se avaliarán as habilidades persoais dos participantes e o grao de complementariedade e carácter multidisciplinar do equipo promotor do proxecto. Desta fase sairán un máximo de 40 candidaturas (cun máximo de 20 por cada sede), que serán convidadas formalmente a pasar á seguinte fase.

Fase III - Academia/Pre-aceleración: Os equipos seleccionados na fase anterior incorporaranse ao Programa de Capacitación da Academia que se desenvolverá en ambas as sedes.

O obxectivo desta fase é facilitar aos equipos de emprendedores, os coñecementos, competencias e habilidades necesarias para definir o seu modelo de negocio, a través dun plan de formación práctico orientado a fortalecer e acelerar a aprendizaxe, integrado por diversas sesións e titorías.

Para aqueles proxectos con Tecnoloxías facilitadoras e de Fabrica 4.0 que resulten seleccionados, o plan de formación incluírá capacitación tecnolóxica 4.0, impresión 3D e realidade virtual no CIS Ferrol. Esta formación tecnolóxica, que non suporá un custo adicional para GAIN; poderá impartirse despois da celebración do Demo Day, xa que non inflúe na valoración final.

Tras a aplicación dos criterios de elixibilidade e de selección previstos nas Bases de VIAGALICIA, determinarase que proxectos superaron satisfactoriamente o Programa de Capacitación da Academia, e que por tanto, pasan ao Demo Day.

Fase IV: - Demo Day: desenvolvido en dúas sesións, unha por sede, procederase á presentación pública dos 20 proxectos (por cada sede) ante o Comité Técnico de VIAGALICIA, representantes das entidades colaboradoras do programa, medios de comunicación e resto de convidados.

Tras a valoración de cada proxecto presentado, segundo os criterios de elixibilidade e de selección previstos nas Bases de VIAGALICIA seleccionaranse un máximo de 15 proxectos, aos que VIAGALICIA, ofertará formalmente: financiamento (subvención de GAIN e préstamos participativos de Vigo Activo e Xes Galicia) e incorporación á Aceleradora.

A estes 15 proxectos poderán sumarse ata 2 proxectos adicionais, procedentes das fases de Academia das dúas anteriores edicións de VIAGALICIA (VIAGALICIA 3ª e 4ª Edición), de acordo cos criterios establecidos no Anexo II deste convenio.

Fase V - Aceleradora: desenvolverase unicamente na sede de Vigo. Os proxectos seleccionados que aceptasen as propostas anteriores e que acrediten o cumprimento dos compromisos das Bases; poderán incorporarse á Aceleradora, e obterán a cualificación de “Proxectos Innovadores e Invertibles”.

A incorporación á Aceleradora garante o acceso ao espazo de coworking que o CONSORCIO pón a disposición dos emprendedores.

Como novidade na quinta edición, incorpórase a posibilidade de realizar parte da titorización de proxectos nas propias instalacións da empresa, no caso de proxectos con instalacións necesarias para o desenvolvemento das actividades e a criterio do Comité Técnico de ViaGalicia, incentivando desta maneira os proxectos de emprendemento que se enmarquen no sector industrial.

Cunha duración de seis (6) meses, esta fase ten como obxectivo que os proxectos pasen un proceso intenso de aceleración das súas actividades para conseguir a súa consolidación definitiva.

Para conseguir este obxectivo os proxectos reuniranse semanalmente co seu titor e participarán en mesas redondas, sesións de networking, titorización e mentorización adaptadas ás características e necesidades específicas de cada proxecto.

Fase VI - Investors Day: o Investors Day terá lugar na sede de Vigo, estimándose a súa celebración no primeiro trimestre de 2019. Os proxectos que superen satisfactoriamente a fase anterior poderán ser presentados a un panel de investidores privados e institucionais.

Ao mesmo tempo, o CONSORCIO en por si ou a través de terceiros, coordinará a execución do Programa de Seguimento, Avaliación e Consolidación.

O CONSORCIO, deberá:

- I. Dar entrada no Comité Técnico de VIAGALICIA a GAIN e Xesgalicia.
- II. Difundir a participación de GAIN, do IGAPE e de XESGALICIA en cantos medios se promocióne o programa VIAGALICIA.
- III. Incorporar un acceso directo na páxina web de VIAGALICIA, ás páxinas web das institucións da Xunta de Galicia colaboradoras con este Programa.

IV. Empregar, na súa publicidade e no desenvolvemento das actividades do programa de aceleración, o distintivo Rede Galega de Aceleradoras de Innovación da Xunta de Galicia, que se lle facilitará, xunto coas normas de uso, tras a sinatura deste convenio.

Cumprir coas obrigacións de publicidade e transparencia previstas na cláusula décimo segunda do presente convenio.

Terceira.-Obrigacións de VIGO ACTIVO.

VIGO ACTIVO asume as seguintes obrigacións:

I. Previo cumprimento dos requisitos internos establecidos por VIGO ACTIVO:

- Poderá conceder a cada un dos 15 proxectos seleccionados para incorporarse á Fase de Aceleración da Quinta Edición e ata 2 proxectos seleccionados como os mellores das fases de academia anteriores (Anexo II), previa á súa constitución en empresa, un préstamo participativo reembolsable, de ata un máximo previsto de 50.000 euros por proxecto.
- Poderá conceder un préstamo de 75.000 euros adicionais ao proxecto elixido como Mellor proxecto empresarial da Aceleradora ViaGalicia.

II. VIGO ACTIVO asume o compromiso de financiamento que se detalla na cláusula sétima do presente convenio.

III. Participar no Comité Técnico de VIAGALICIA.

IV. Cumprir coas obrigacións de publicidade e transparencia previstas na cláusula décimo segunda do presente convenio.

Cuarta.-Obrigacións de GAIN.

GAIN asume as seguintes obrigacións:

I. Facilitar ao CONSORCIO apoio na comunicación e difusión do programa a través dos seguintes medios:

- a) Concedendo as autorizacións pertinentes e necesarias para que o CONSORCIO utilice o seu logo e o seu nome na publicidade e nos documentos, tanto físicos como virtuais, que se deseñen e editen relacionados co proxecto VIAGALICIA.
- b) Incorporando unha ligazón de acceso directo desde a súa páxina web corporativa á páxina web da aceleradora de empresas VIAGALICIA, promovida polo CONSORCIO.
- c) Dando acceso aos emprendedores que participen en VIAGALICIA ás redes xestionadas por aquel organismo, tales como redes de mentores, investidores, etc.
- d) Facilitando o distintivo Rede Galega de Aceleradoras de Innovación da Xunta de Galicia, xunto coas normas de uso.

II. Participar no Comité Técnico de VIAGALICIA.

III. Achegar os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio conforme ao previsto na cláusula sétima.

IV. Habilitar ao CIS Ferrol para a realización das actividades de formación para os proxectos relacionados con tecnoloxías 4.0.

V. Cumprir coas obrigacións específicas en materia de información sobre convenios.

Quinta.-Obrigacións do IGAPE.

O IGAPE asume a obrigaón de facilitar ao CONSORCIO o apoio na comunicación e difusión do Programa a través dos seguintes medios:

- a) Concedendo as autorizacións pertinentes e necesarias para que o CONSORCIO utilice o seu logo e o seu nome na publicidade e nos documentos, tanto físicos como virtuais, que se deseñen e editen relacionados co proxecto VIAGALICIA.
- b) Incorporando unha ligazón de acceso directo desde a súa páxina web corporativa á páxina web da aceleradora de empresas VIAGALICIA, promovida polo CONSORCIO.

- c) Dando acceso aos emprendedores que participen en VIAGALICIA ás redes xestionadas por aquel organismo, tales como redes de mentores, investidores, etc.

Así mesmo, terá o deber de cumprir cos deberes de publicidade e transparencia previstas na cláusula décimo segunda do presente convenio.

Sexta.-Obrigacións de XESGALICIA.

- I. Previo cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, XESGALICIA (Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U.) poderá conceder a cada un dos 15 proxectos seleccionados para incorporarse á Fase de Aceleración da Quinta Edición e ata 2 proxectos seleccionados como os mellores das fases de academia anteriores (Anexo II) un préstamo participativo reembolsable do Fondo GIE, Galicia Iniciativas Emprendedoras FCR Peme (como parte dun programa de incentivos á excelencia emprendedora). Devandito préstamo cubrirá a cantidade investida na posta en marcha do proxecto ata un máximo previsto de 50.000 euros por proxecto, e deberán cumprirse as condicións e requisitos que a tal efecto se establézan por XESGALICIA.
- II. Ao mesmo tempo, nas mesmas condicións citadas no parágrafo anterior, poderá conceder un préstamo adicional de 75.000 euros adicionais ao proxecto elixido como Mellor proxecto empresarial da Aceleradora ViaGalicia.
- III. Participar no Comité Técnico de VIAGALICIA.
- IV. Cumprir coas obrigacións de publicidade e transparencia previstas na cláusula décimo segunda do presente convenio.

Sétima.- Financiamento.

1. Financiamento do Consorcio.

O Consorcio poñerá a disposición do programa os medios humanos e materiais precisos así como o espazo no seu Centro de Negocios de Porto do Molle. Ao mesmo tempo o Consorcio farase cargo de todas as contratacións externas que sexan necesarias para o desenvolvemento do programa cun orzamento máximo de 335.000 euros (IVE excluído).

2. Financiamento de GAIN.

Ao amparo do presente convenio prevense as seguintes achegas económicas por parte de GAIN:

2. a. Financiamento ao CONSORCIO.

En concepto de compensación de custos xerados pola posta en marcha, participación e desenvolvemento das diferentes fases do Programa VIAGALICIA, **GAIN** contribuirá ao financiamento de VIAGALICIA compensando ao **CONSORCIO** no 70% dos custos exteriores realmente contratados (IVE excluído). Dado que os custos se están nun máximo de 335.000 euros, a cantidade máxima a facturar polo CONSORCIO a GAIN é de 234.500 euros máis o IVE correspondente do 21% o que fai un máximo de 283.745 euros.

Os gastos para compensar por GAIN serán os xerados con posterioridade á data da firma do presente convenio.

En todo caso, o financiamento de GAIN verase reducido proporcionalmente á diminución dos custos efectivamente soportados polo CONSORCIO, respetándose en todo momento as porcentaxes de participación, de tal maneira que o financiamento efectivo de GAIN será, como máximo, do 70%.

2. b. Subvencións aos proxectos seleccionados.

O convenio contempla o compromiso por parte de GAIN de concesión dunha subvención a favor duns beneficiarios non determinados no momento da firma do convenio, pero si

determinables ao longo do desenvolvemento do Programa VIAGALICIA. Realizarase entón unha **achega económica a favor dos proxectos**, coas condicións e requisitos indicados no modelo de convenio de concesión directa (ANEXO V) do presente convenio, e cun importe máximo de 425.000€, en concepto de subvención.

As entidades cuxos proxectos fosen subvencionados con anterioridade por GAIN no marco de calquera outro programa similar na súa fase de aceleración, quedarán excluídas da subvención de GAIN prevista neste convenio.

Achega económica total de GAIN (achega ao Consorcio e axudas aos proxectos):

En base ao anterior, as **achegas económicas previstas para o financiamento da Quinta Edición do programa VIAGALICIA e dos proxectos que do mesmo xurdan**, son as que se indican a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Desagregación por anualidades			Total
	2017	2018	2019	
	122.000 €	190.000 €	23.000 €	335.000 €
Contratacións externas do Consorcio	(IVE non incluído)	(IVE non incluído)	(IVE non incluído)	(IVE non incluído)
Financiación de GAIN ao Consorcio	103.334 €	160.930 €	19.481 €	283.745 €
09.A3.561A.640.0	(IVE incluído)	(IVE incluído)	(IVE incluído)	(IVE incluído)
Subvención máxima de GAIN aos proxectos 09.A3.561A.770.0		425.000 €		425.000 €
Contribución total prevista por parte de GAIN				708.745 €

A achega de GAIN poderá financiarse con cargo ao préstamo concedido polo MINECO para o desenvolvemento da Estratexia Española de Innovación na Comunidade Autónoma de Galicia.

Réxime de pagos das achegas de GAIN ao Consorcio, e aos proxectos.

A totalidade das achegas económicas de GAIN estará destinada á posta en marcha e ao desenvolvemento de proxectos emprendedores, distribuída da seguinte maneira:

- **Pagos ao CONSORCIO; relativos aos gastos susceptibles de compensación:**

GAIN achegará un máximo de 283.745 euros (IVE incluído) destinados a financiar unha parte dos gastos realizados polo CONSORCIO para o desenvolvemento das diferentes fases do programa. Poderán financiarse todos aqueles gastos que de maneira indubidable estean relacionados co desenvolvemento das diferentes fases do Programa.

O anterior importe será abonado tras a presentación da factura electrónica do Consorcio e documentación que acredite a realización das actuacións financiadas, e o pago das mesmas, presentada no prazo e coas condicións indicadas no Anexo I do presente convenio.

Atendendo ao desenvolvemento das diferentes fases do Programa VIAGALICIA, devandito importe abonarase de forma fraccionada, e en tres pagos, tal como se indica a continuación:

1. Anualidade 2017: poderán ser abonados os gastos nos que se incorra nas diferentes fases da execución do proxecto ata un máximo de 103.334 € (IVE incluído), sempre que estes gastos se realicen con posterioridade á firma do convenio, e como máximo ata o 30 de novembro de 2017.

A data límite de presentación da factura, xunto coa demais documentación que a acompañe, será o 10 de decembro de 2017.

2. Anualidade 2018: poderán ser abonados os gastos relativos ao desenvolvemento a outras fases do Programa ata un máximo de 160.930 € (IVE incluído), sempre que se realicen desde o 1 de decembro de 2017 ata o 30 de novembro de 2018.

A factura, e demais documentación para que se proceda ao pago da cantidade correspondente, deberá presentarse antes de 10 de decembro de 2018.

3. Anualidade 2019: poderán ser abonados os gastos relativos ao desenvolvemento a outras fases do programa ata un máximo de 19.481 € (IVE incluído), sempre que se realicen desde o 1 de decembro de 2018 ata o 31 de maio de 2019.

A factura, e demais documentación para que se proceda ao pago da cantidade correspondente, poderá presentarse ata o 10 de xuño de 2019.

- **Pagos aos proxectos, relativos ás axudas:**

A cantidade da eventual subvención é dun máximo de 425.000€ a repartir entre os 15 proxectos seleccionados para a súa incorporación á Fase de Aceleradora da Quinta Edición e ata 2 proxectos seleccionados como os mellores das fases de academia das dúas edicións anteriores (Anexo II) .

A dita cantidade repartirase da forma seguinte:

1. Ata un máximo de 25.000 euros a cada un dos 15 proxectos seleccionados, unha vez que o Consorcio certifique a relación de proxectos elixidos polo Comité Técnico. Previamente á concesión das axudas, o Comité técnico procederá á valoración de cada proxecto presentado, establecendo un ránking dos proxectos segundo a valoración obtida, en atención aos criterios previstos no Anexo III.
2. Ata un máximo de 25.000 euros a cada un dos proxectos seleccionados como os mellores das fases de academia anteriores, en atención aos criterios previstos no Anexo II.

Na mesma páxina web do CONSORCIO na que se anuncia a convocatoria, publicarase a listaxe definitiva dos proxectos seleccionados.

O outorgamento da correspondente subvención instrumentalizarase, de forma individual para cada seleccionado, mediante un convenio de concesión directa, que se incorpora con carácter orientativo como modelo que se achega como Anexo V, e que concretará, entre outros extremos, os seguintes:

- Importe e distribución das axudas (financiamento)
- Relación de gastos subvencionables
- Obrigas dos beneficiarios
- Réxime de pagamentos
- Alteración das actuacións

- Compatibilidade con outras axudas
- Réxime aplicable ás axudas e reintegro
- Forma de xustificación e documentación que se debe presentar para o aboo dos pagamentos previstos
- Previsións en materia de subcontratación

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei; así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Estarán suxeitas igualmente ao réxime de minimis establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas minimis (DOUE L352/1, do 24 de decembro de 2013).

As entidades cuxos proxectos fosen subvencionados con anterioridade por GAIN no marco de calquera outro programa similar na súa fase de aceleración, quedarán excluídas da subvención de GAIN prevista neste convenio.

3. Financiamento de XESGALICIA.

XESGALICIA, empresa pública dependente do IGAPE; poderá destinar aos 15 proxectos seleccionados na fase de aceleración do programa VIAGALICIA e ata 2 proxectos seleccionados como os mellores das fases de academia das dúas edicións anteriores a cantidade máxima de 850.000 €, a razón dun máximo de 50.000 € por proxecto, mediante préstamos participativos reembolsables concedidos a través do Fondo GIE, Galicia Iniciativas Emprendedoras FCR - Peme

Ao mesmo tempo, poderá destinar un préstamo de 75.000 € adicionais á sociedade que presentou o proxecto elixido como Mellor proxecto empresarial da Aceleradora ViaGalicia.

Por tanto, o financiamento seguirá a seguinte distribución anual:

Ano 2017	Ano 2018	Ano 2019	Total
0€	850.000 €	75.000 €	925.000€

Os préstamos concedidos a través do Fondo GIE, Galicia Iniciativas Emprendedoras FCR - Peme serán conforme ás condicións e requisitos que para ese efecto se establezan por XESGALICIA, previo cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional, para o mesmo fin, sen que en ningún caso, illadas ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos; superen o custo da actividade subvencionada.

4. Financiamento por parte de VIGO ACTIVO.

Pola súa banda, VIGO ACTIVO comprométese a achegar a cada un dos 15 proxectos que pasen á fase final de VIAGALICIA (Fase de Aceleración) e ata 2 proxectos seleccionados como os mellores das fases de academia anteriores e cumpran os requisitos, ata un máximo de 50.000 euros por proxecto. Estas achegas realizaranse, en todo caso, baixo a modalidade de préstamo participativo reembolsable.

Ao mesmo tempo, poderá destinar un préstamo de 75.000 € adicionais ao proxecto elixido como Mellor proxecto empresarial da Aceleradora ViaGalicia.

Os termos e condicións de cada un dos préstamos formalizaranse, previa constitución en empresa, entre esta entidade e cada un dos 18 promotores. En calquera caso, as condicións, sexan as que fosen, nunca poderán ser máis restritivas do que marca nin o propio réxime interno do prestamista, nin a normativa de aplicación.

Oitava.- Designación do comité técnico.

O Comité Técnico do Programa VIAGALICIA estará composto de maneira permanente por:

- A Delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo ou persoa en quen delegue as súas facultades.
- O Director/a do departamento de Promoción Económica do CZFV, ou persoa en quen delegue as súas facultades.
- O Director/a Xeneral de VIGO ACTIVO, ou persoa en quen delegue as súas facultades.
- O Director/a de Área de Servizos da GAIN, ou persoa en quen delegue as súas facultades.
- O Director/a Xeneral de XESGALICIA, ou persoa en quen delegue as súas facultades.

Todos os membros participan con voz e voto nas mesmas condicións.

Novena.- Vixencia.

Establécese como prazo de vixencia do presente Convenio o da duración da quinta edición do proxecto VIAGALICIA, co límite máximo do 30 de xuño de 2019.

Décima.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento e control das accións recollidas no presente convenio, crearase unha Comisión de Seguimento , integrada, en principio, e salvo mutuo acordo das partes na súa modificación, polos seguintes membros:

- 1 membro por parte de GAIN, que actuará como presidente.
- 1 membro por parte do IGAPE.
- 1 membro por parte de XESGALICIA.
- 2 membros por parte do CONSORCIO.
- 1 membro por parte de VIGO ACTIVO.

Dita Comisión será a encargada de:

- Realizar o seguimento das actuacións do convenio.
- Resolver as dúbidas que puidesen xurdir da aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
- Todas aquelas actuacións precisas para o correcto seguimento do presente convenio.

En canto á súa constitución, funcionamento e adopción de acordos, a citada Comisión rexerese pola normativa vixente en materia de órganos colexiados, contemplada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Décimo primeira.- Causas de resolución.

Son causas de resolución do presente Convenio as sinaladas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e, ademais,

poderá resolverse por denuncia unilateral de calquera das partes, previa comunicación á outra parte con (1) un mes de antelación, cando concorra algunha das seguintes causas:

- a. Imposibilidade sobrevinda para o seu cumprimento.
- b. Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.
- c. Imposibilidade material de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.

Así mesmo, poderá resolverse por acordo expreso das partes.

En caso de incumprimento das obrigacións recollidas no presente Convenio, a parte incumplidora non terá que indemnizar economicamente ás outras por incumprimento das obrigacións do contrato ou pola súa extinción, sen prexuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros.

Décimo segunda.- Publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso por parte do CONSORCIO para que a Administración Galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo aos deberes específicos en materia de información sobre convenios; e co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Ao mesmo tempo, a firma deste convenio suporá o consentimento expreso dos entes da administración galega para incluír e facer públicos os datos do presente convenio no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, creado pola Disposición adicional sétima da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e para dar cumprimento á obrigaición contemplada no artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo terceira.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, nin contractual nin de ningún outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia.

Décimo cuarta.- Deber de segredo e confidencialidade.

As partes asinantes comprométense a non utilizar nin revelar, mantendo en segredo, todos os datos que puidesen obter en virtude da execución do presente Convenio e, en particular, toda a información á que teñan acceso en relación cos proxectos participantes en VIAGALICIA, facéndose extensiva esta obrigaición a todas as entidades ou empresas públicas que interveñan en nome das partes.

As disposicións desta cláusula continuarán vixentes durante un período de cinco anos a partir da data de firma deste documento, salvo consentimento expreso do CONSORCIO.

Tal e como se informa nas Bases da convocatoria da quinta edición do Programa VIAGALICIA, os datos de carácter persoal facilitados polos participantes incorpóranse ao correspondente ficheiro titularidade de cada un dos promotores: Consorcio Zona Franca de Vigo con NIF V-36.611.580, Vigo Activo S.C.R., S.A. con NIF A-36.759.231, Instituto Galego de Promoción Económica con NIF Q-6550010-J, Xesgalicia, S.G.E.I.C., S.A.Ou con NIF A-15.674.203 e Axencia Galega de Innovación con NIF Q-1500386-F.

Os promotores levarán a cabo un tratamento dos devanditos datos a fin, exclusivamente, de avaliar e valorar os proxectos presentados, de xestionar a participación no Programa e de difundilo e facer promoción pública do mesmo. Os promotores non recollerán, utilizarán ou revelarán información persoal para outros propósitos que non sexan os descritos anteriormente, a non ser que os participantes dean o seu consentimento ou haxa algunha obrigação legal.

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, nin o CONSORCIO, nin VIGO ACTIVO, nin GAIN, nin XESGALICIA, nin ningún dos seus representantes que participen no proxecto VIAGALICIA poderán facer ningún tratamento dos datos persoais aos que, en virtude do disposto no presente Convenio, puidesen ter acceso.

Á marxe do anterior, queda expresamente prohibida a utilización polas partes dos datos persoais aos que potencialmente puideran ter acceso.

As obrigacións desta sección non supoñen restrición ningunha ás Partes para poder cumprir coas obrigacións legais ou mandatos de calquera tribunal ou entidade gobernamental.

Non se inclúe no concepto de confidencialidade a información que fose de dominio público con anterioridade ao momento da celebración do presente convenio, ou que pase a selo con posterioridade ao mesmo, nin aquela que fose obxecto de autorización previa e expresa por escrito entre as partes.

Décimo quinta.- Modificación do convenio.

Segundo as previsións do artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, relativo á contratación sustentable, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración a realizar referente ao contido do presente convenio será proposta pola Comisión de seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda que precisará acordo unánime das partes asinantes.

Décimo sexta.- Cesión.

Os dereitos e deberes asumidos por cada unha das partes baixo este convenio non poderán cederse a terceiras persoas, sen consentimento previo e por escrito da outra parte. A estes efectos enténdese por terceiras persoas aquelas que non estean vinculadas organicamente ás partes.

Décimo sétima.-Natureza xurídica e resolución de conflitos.

O presente Convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nestas cláusulas, polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.

De acordo co artigo 4.1.d) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, o presente Convenio está excluído do ámbito de aplicación da dicha normativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio, someténdoo á comisión de seguimento prevista no mesmo. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 do xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Axencia Galega de
Innovación, do Instituto Galego de
Promoción Económica e do Consello de
Administración de XesGalicia

Francisco José Conde López

A delegada especial do Estado no Consorcio
da Zona Franca de Vigo e presidenta Consello
de Administración de Vigo Activo

Teresa Pedrosa Silva

ANEXO I

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DO CONSORCIO, RELATIVA AOS GASTOS SOPORTADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VIAGALICIA, PARA O PAGO DA COMPENSACIÓN DOS GASTOS DERIVADOS DA POSTA EN MARCHA E DESENVOLVEMENTO DAS FASES DO PROGRAMA VIAGALICIA.

O CONSORCIO deberá presentar, para o pago das cantidades previstas na cláusula sétima, relativa á compensación de parte dos gastos incorridos polo mesmo para a posta en marcha e desenvolvemento das diferentes fases do Programa VIAGALICIA; a seguinte documentación:

Respecto ao cofinanciamento de GAIN:

- Facturas correspondentes, acompañadas dunha memoria na que se recolla unha descrición das tarefas desenvolvidas.

A primeira factura acompañarase dun Certificado de titularidade da conta na que se deben realizar os pagos, no devandito certificado deberá constar a razón social da entidade, o código internacional de conta bancaria (IBAN) ou o código internacional de identificación bancaria (BIC/SWIFT).

Respecto do cofinanciamento do propio CONSORCIO:

- Memoria na que se indique:

1. Concepto do pago e finalidade do mesmo respecto das actividades do Convenio.
2. Factura do gasto.
3. Xustificante do pago (transferencia, certificación bancaria orixinal ou extractos de pago, etc).

A posta en marcha e desenvolvemento do Programa VIAGALICIA, será cofinanciada por GAIN e o Consorcio, a razón dun 70% (GAIN) e dun 30% (Consortio), devanditas porcentaxes de

cofinanciación calcúlanse sobre a base impositiva do custo estimado (335.000 €). Os importes de GAIN deberán incrementarse co correspondente IVE.

En todo caso, a achega de GAIN, verase reducida proporcionalmente á diminución dos custos efectivamente soportados polo CONSORCIO, respectando en todo momento as porcentaxes de participación, de maneira tal, que a achega efectiva de GAIN, será como máximo do 70% da cantidade soportada e efectivamente acreditada polo CONSORCIO.

Devandito importe abonarase de forma fraccionada en tres pagos, tal como se indica a continuación:

1. Anualidade 2017: poderán ser abonados os gastos nos que se incorra nas diferentes fases de execución do proxecto ata un máximo de 103.334 € (IVE incluído), sempre que estes gastos se realicen con posterioridade á firma do convenio, e como máximo ata o 30 de novembro de 2017.

A data límite de presentación da factura, xunto coa demais documentación que a acompañe, será o 10 de decembro de 2017.

2. Anualidade 2018: poderán ser abonados os gastos relativos ao desenvolvemento a outras fases do Programa ata un máximo de 160.930 € (IVE incluído), sempre que se realicen desde o 1 de decembro de 2017 ata o 30 de novembro de 2018.

A factura, e demais documentación para que se proceda ao pago da cantidade correspondente, deberá presentarse antes de 10 de decembro de 2018.

3. Anualidade 2019: poderán ser abonados os gastos relativos ao desenvolvemento das outras fases do programa ata un máximo de 19.481 € (IVE incluído), sempre que se realicen desde o 1 de decembro de 2018 ata o 31 de maio de 2019.

A factura, e demais documentación para que se proceda ao pago da cantidade correspondente, deberá presentarse antes de 10 de xuño de 2019.

ANEXO II

SELECCIÓN DOS MELLORES PROXECTOS DAS FASES DE ACADEMIA DA TERCEIRA E CUARTA EDICIÓN DE VIAGALICIA: CRITERIOS DE ELEXIBILIDADE E AVALIACIÓN.

I. Criterios de participación:

Poderán participar as iniciativas emprendedoras de carácter innovador, xa sexa en produtos / servizos, ou en procesos e / ou no modelo de negocio, que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter finalizado con éxito a Fase de Academia (ou Pre-Aceleración) correspondente á Terceira ou Cuarta Edición da Aceleradora ViaGalicia habendo, así mesmo, participado no correspondente Demo Day.
- b) Cumprir os requisitos mínimos de acceso ao Programa de Aceleración esixidos para a participación na Quinta Edición establecidos no ANEXO III.

II. Criterios de avaliación e selección.

Os criterios específicos que aplicará o Comité técnico do programa, son os seguintes:

A. Criterios de elegibilidade (excluíntes), deberánse acreditar os seguintes compromisos:

- 1. Constitución da sociedade, baixo a forma xurídica de Sociedade de Responsabilidade Limitada ou Sociedade Anónima.
- 2. Establecer, ou trasladar o seu domicilio social á Comunidade Autónoma de Galicia.
- 3. Achea económica: no caso de que a sociedade se constituía formalmente, a achega mínima conxunta será de tres mil euros (3.000 €).
- 4. Dedicación a tempo completo dun mínimo de dous (2) membros do equipo, durante a duración da estancia na Aceleradora.
- 5. Desenvolvemento da actividade empresarial, e compromiso de presenza continuada, de como mínimo os dous (2) promotores principais do proxecto, no Coworking do Centro de

Negocios de Porto do Molle, en Nigrán durante a duración da estancia na Aceleradora.

Exceptuaranse deste deber os proxectos que o Comité Técnico autorice como aceleración “in company”.

6. Garantir o dereito de explotación da tecnoloxía na cal se apoia o proxecto. No caso de que a propiedade intelectual pertenza a un terceiro, o equipo promotor deberá presentar a documentación do titular na que se acredite a cesión do dereito de explotación da devandita tecnoloxía, e as condicións de uso da mesma.
7. Garantir a existencia de pactos parasociais nos que se estableza como contido mínimo o seguinte:
 - Datos de identificación dos socios.
 - Porcentaxe de participación dos socios.
 - Compromiso dos socios de permanencia durante o período de aceleración.
8. Asistir ás sesións de tutoría planificadas no Centro de Negocios de Porto do Molle. Será imprescindible que acuda ás mesmas, como mínimo, un dos promotores principais de cada un dos proxectos.
9. Asistir ás actividades que se planifiquen no Centro de Negocios de Porto do Molle, sendo imprescindible que ás mesmas acudan, como mínimo, dous (2) dos membros rexistrados do equipo.

O incumprimento dalgún destes criterios poderá ser causa de exclusión.

B. Criterios de selección:

a) Grao de innovación: entendido como a base científica, tecnolóxica ou de coñecemento na que se apoia, así como os elementos diferenciadores nos que incorpora a proposta de valor.

b) Grao de invertibilidade: entendido como a identificación dun nicho de mercado e a definición dun modelo de negocio que permita ao proxecto escalar a súa proposta de valor, e ofrecer un retorno do investimento suficiente ao potencial investidor.

c) Grao de evolución e escalabilidade: entendido como o grao de desenvolvemento actual do proxecto respecto ao momento en que finalizou a fase de academia (ou pre-aceleración), así como a capacidade para executar o devandito proxecto e desenvolver nun prazo inferior a seis (6) meses un produto mínimo viable, ou MVP, considerado como a versión do produto/servizo que permite a un equipo captar e validar con clientes o máximo volume de coñecemento co menor esforzo posible. A escalabilidade entendida como o potencial de crecemento e a capacidade de internacionalización do mesmo, así como a súa orientación global.

d) Grao de solidez e implicación, compromiso e dedicación do equipo.

O Comité técnico seleccionará ata un máximo de dous (2) proxectos en total, aos que se lles propoñerá formalmente idéntico financiamento e incorporación á Aceleradora nos mesmos termos e compromisos que os establecidos para os quince (15) proxectos seleccionados para o Programa de Aceleración da Quinta Edición (segundo os criterios de elegibilidade e avaliación previstos no Anexo III).

ANEXO III

CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE E AVALIACIÓN, RELATIVOS AO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ACELERACIÓN VIAGALICIA 2017 (QUINTA EDICIÓN):

Poderán participar no programa mencionado na cláusula segunda do presente convenio, as iniciativas emprendedoras de carácter innovador, xa sexa en produtos / servizos, ou en procesos e / ou no modelo de negocio.

Os requisitos mínimos de acceso ao programa son os seguintes:

- Equipo promotor da iniciativa: estará formado por un mínimo de dous (2) persoas.
- Todos os membros do devandito equipo deberán ser maiores de idade.
- Número de candidaturas: cada participante poderá participar en cantas considere oportuno, podendo unicamente optarse pola elixibilidade dunha única candidatura.
- A iniciativa emprendedora poderá estar constituída formalmente cunha antigüidade máxima de corenta e dous meses contados desde a data de inicio do prazo de presentación de candidaturas. Neste sentido, o Comité Técnico poderá aceptar candidaturas que superasen este prazo máximo no caso de que iniciasen actividade, ou de que a súa cifra de ingresos non sexa suficientemente significativa, por atoparse, a modo de exemplo, en fase de investigación, desenvolvemento, validación ou certificación. En relación a este aspecto, o Comité Técnico se reserva a posibilidade de non aceptar aquelas candidaturas nas que se observe un suposto de sucesión de empresa e de transformación da forma xurídica.
- Os promotores deberán ser os autores intelectuais das ideas que presentan ou, na súa falta, non facer uso da propiedade intelectual e / ou industrial de terceiros sen os permisos correspondentes.

A) Criterios de avaliación.

A.1) Criterios xerais:

Os proxectos cumprirán catro (4) criterios fundamentais, que se irán modulando ao longo das diferentes fases:

1. Grao de innovación: entendido como a base científica, tecnolóxica ou de coñecemento na que se apoia, así como os elementos diferenciadores nos que incorpora a proposta de valor.
2. Grao de invertibilidade: entendida como a identificación dun nicho de mercado e a definición dun modelo de negocio que permita ao proxecto escalar a súa proposta de valor, e ofrecer un retorno do investimento suficiente ao potencial investidor.
3. Grao de acelerabilidade e de escalabilidade: entendida a acelerabilidade como o grao de desenvolvemento actual do proxecto, así como a capacidade para executar o devandito proxecto e desenvolver nun prazo inferior a seis (6) meses un produto mínimo viable, ou MVP, considerado como a versión do produto/servizo que permite a un equipo captar e validar con clientes o máximo volume de coñecemento co menor esforzo posible. A escalabilidade entendida como o potencial de crecemento e a capacidade de internacionalización do mesmo, así como a súa orientación global.
4. Grao de Relevancia: entendido como a inclusión do proxecto nun sector de actividade estratéxico para o desenvolvemento de Galicia, que lle permita constituírse como unha iniciativa viable e que contribúa á dinamización do tecido empresarial. Estes criterios fundamentais utilizaranse en todas aquelas fases nas que o Comité Técnico proceda a valorar aos diferentes proxectos, adaptando a descrición dos devanditos criterios aos requirimentos específicos e ao grao de desenvolvemento esixido para cada unha destas fases.

A.2) Criterios específicos:

Fase I - Convocatoria.

Ademais dos criterios xerais xa indicados, tras a entrevista avaliarase como aspecto adicional, o seguinte:

- Grao de solidez e acelerabilidade do equipo: para determinalo, o Comité terá en conta os seguintes aspectos:

1. Habilidades e competencias de cada un dos membros de forma individual.
2. Carácter multidisciplinar.
3. Grao de complementariedade do mesmo, de forma que este sexa capaz de deseñar, executar e acelerar e xestionar o seu proxecto.
4. Grao de compromiso e dedicación dos promotores do proxecto.

Tras esta valoración elaborárase unha relación co ránking dos proxectos finalmente aceptados, ata un máximo de 40 para cada unha das futuras sedes, o que fará un máximo de 80 proxectos que pasarán á seguinte fase (startup day).

Fase II - Startup day.

Avaliaranse, como criterios específicos, os seguintes aspectos:

1. Habilidades persoais e competencias dos promotores, avaliadas en función dos resultados dunha serie de exercicios e dinámicas de grupo, a fin de enriquecer o perfil obtido previamente mediante o test de auto avaliación do perfil emprendedor: liderado, comunicación, traballo en equipo, capacidades de negociación e creatividade.
2. Grao de complementariedade e carácter multidisciplinar do equipo promotor, para fomentar o desenvolvemento dun equipo perfectamente balanceado, así como a experiencia profesional e emprendedora previa, especialmente no ámbito sectorial da aplicación.

Tendo en conta unha combinación dos criterios que serven para o acceso á presente fase, e os que se consideran para determinar o acceso á seguinte fase (Academia), o Comité técnico elaborará un novo ránking de iniciativas, segundo o cal, como máximo os vinte (20) primeiros proxectos de cada unha das sedes (máximo de 40 proxectos en total), serán convidados formalmente a incorporarse á citada fase de Academia.

Os seleccionados deberán comunicar a súa aceptación antes da data que a tal efecto se indique. No caso de eventuais renuncias, o Comité técnico poderá seleccionar ao seguinte proxecto en valoración, a condición de que este cumpra cos requisitos que lle resulten de aplicación.

Fase III -- Academia (ou pre-aceleración)

A finalidade da participación na mesma é a maduración do proxecto.

O programa de capacitación previsto combina sesións de formación presenciais, sesións de networking e mesas redondas con emprendedores e outros actores relevantes do ecosistema de emprendimento, sesións de traballo con titores e con representantes das entidades promotoras e sesións de presentación pública dos diferentes proxectos.

Os diferentes equipos terán como obxectivos nesta fase:

- Validar as hipóteses de partida do seu modelo.
- Elaborar e entregar todos os documentos e entregables que lles sexan requiridos polos titores do Programa.
- Elaborar o Executive Summary e o Pitch para a presentación do seu proxecto ao Comité Técnico do Programa.

Os criterios que se terán en conta na presente fase, son os seguintes:

1. Criterios de elixibilidade (excluíntes):

- Asistencia como mínimo de dous (2) membros do equipo de cada proxecto, polo menos ao 80% das sesións da Academia.
- Participación activa dos membros do equipo en todas as accións programadas durante esta fase.

2. Criterios de selección:

- Solidez e grao de implicación do equipo.
- Maduración significativa do proxecto e elaboración dos entregables citados; estes serán avaliados en base aos seguintes criterios formais:
 - Grao de desenvolvemento formal da proposta de valor e do modelo de negocio.
 - Grao de definición de produto mínimo viable.
 - Grao validación das hipóteses de partida, así como a capacidade para iterar e pivotar do proxecto.
- Atractivo do pitch, entendido como a capacidade de comunicación da oportunidade de forma convincente.

Exclusión de candidaturas:

No caso de que algún membro de calquera dos equipos participantes non cumprise os compromisos asumidos na Declaración xurada, o Comité técnico resérvase o dereito para esixir o cumprimento dos mesmos, e pola contra, procederase á exclusión da súa candidatura.

Os proxectos estarán sometidos a unha avaliación continua ao longo de toda a fase de Academia, os que non cumpran cos requisitos, deberes e fitos establecidos poderán ser excluídos do mesmo e, en consecuencia, perder os beneficios, previo informe motivado do Comité técnico.

Fase IV - Demo day.

O obxectivo desta fase é que os equipos que superaran satisfactoriamente o Programa de Capacitación da Academia, presenten os seus respectivos proxectos ante o Comité técnico e as entidades colaboradoras.

Os criterios específicos que aplicará o Comité técnico do programa, son os seguintes:

A. Criterios de elixibilidade, deberanse manifestar os seguintes compromisos:

1. Constitución da sociedade, baixo a forma xurídica de Sociedade de Responsabilidade Limitada ou Sociedade Anónima.
2. Establecer, ou trasladar o seu domicilio social á Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Achea económica: no caso de que a sociedade se constitúa formalmente, a achega mínima conxunta será de tres mil euros (3.000 €).
4. Dedicación a tempo completo dun mínimo de dous (2) membros do equipo, durante a duración da estancia na Aceleradora.
5. Desenvolvemento da actividade empresarial, e compromiso de presenza continuada, de como mínimo os dous (2) promotores principais do proxecto, no Coworking do Centro de Negocios de Porto do Molle, en Nigrán durante a duración da estancia na Aceleradora. Exceptuaranse deste deber os proxectos que o Comité Técnico autorice como aceleración in company.
6. Garantir o dereito de explotación da tecnoloxía na cal se apoia o proxecto. No caso de que a propiedade intelectual pertenza a un terceiro, o equipo promotor deberá presentar a documentación do titular na que se acredite a cesión do dereito de explotación da devandita tecnoloxía, e as condicións de uso da mesma.
7. Garantir a existencia de pactos parasociales nos que se estableza como contido mínimo o seguinte:

- Datos de identificación dos socios.
- Porcentaxe de participación dos socios.
- Compromiso dos socios de permanencia durante o período de aceleración.

8. Asistir ás sesións de tutoría planificadas no Centro de Negocios de Porto do Molle. Será imprescindible que acuda ás mesmas, como mínimo, un dos promotores principais de cada un dos proxectos.

9. Asistir ás actividades que se planifiquen no Centro de Negocios de Porto do Molle, sendo imprescindible que ás mesmas acudan, como mínimo, dous (2) dos membros rexistrados do equipo.

O incumprimento dalgún destes compromisos poderá supoñer a non incorporación á fase de Academia ou a exclusión desta.

B. Criterios de selección:

Ademais dos criterios xerais de selección (innovación, acelerabilidade, escalabilidade, invertibilidade e relevancia), valoraranse os seguintes criterios:

- a) Grao de solidez do equipo.
- b) Posta en escena e capacidade de comunicación durante o pitch.

Nesta fase, o Comité técnico seleccionará ata un máximo de quince (15) proxectos en total, aos que se lles propoñerá formalmente o seguinte:

1. Financiamento:

1.1 Concesión dunha subvención por parte de GAIN, que será dun total de 25.000,00€ por proxecto, a finalidade da axuda é o financiamento dunha serie de gastos considerados como elexibles.

1.2 Concesión dun préstamo participativo de ata un máximo de 50.000,00€ por proxecto, a través de Vigo Activo.

1.3 Concesión dun préstamo participativo de ata un máximo de 50.000,00€ por proxecto, a través de XesGalicia.

2. Incorporación á Aceleradora, situada no Centro de Negocios de Porto do Molle (Nigrán - Pontevedra).

Ambas as propostas están ligadas entre si, sendo o financiamento achegado pola Aceleradora compatible con outras fontes de financiamento público e privado, non obstante o anteriormente indicado, as entidades cuxos proxectos fosen subvencionados con anterioridade por GAIN no marco de calquera outro programa similar na súa fase de aceleración, quedarán excluídas da subvención de GAIN prevista neste convenio.

Fase V - Aceleradora.

Os proxectos aprobados que aceptaron a proposta do Comité, e acreditado os compromisos citados anteriormente, poderán incorporarse á Aceleradora, que se situará no Coworking do Centro de Negocios de Porto do Molle, en Nigrán; e terán a cualificación do CONSORCIO de “Proxectos Invertibles” a proposta do Comité técnico do Programa.

Así mesmo, os proxectos relacionados con Tecnoloxías 4.0 e co sector aeroespacial, poderán complementar a súa formación e asesoramento nos centros especializados de: CIS FERROL - CENTRO DE INNOVACIÓN E SERVIZOS DO DESEÑO E A TECNOLOXÍA, e no EDIFICIO TECNOLÓXICO AEROESPACIAL DE PORTO DO MOLLE (en Nigrán).

O Comité técnico decidirá que proxectos participarán no Investors Day en función do grao de aproveitamento e dos obxectivos alcanzados durante o período de aceleración.

No caso do incumprimento dos compromisos asinados na Declaración xurada, o Comité técnico resérvase o dereito de esixir o cumprimento, e pola contra, de excluír a candidatura.

Os proxectos estarán sometidos a unha avaliación continua ao longo de toda a fase de Aceleración, polo que aqueles que non cumpran cos requisitos, obrigacións e fitos establecidos poderán ser excluídos do mesmo e, en consecuencia, perder os beneficios que deste se deríven, previo informe motivado do Comité técnico do Programa.

Fase VI - Investors day.

Os proxectos que superasen satisfactoriamente a fase anterior poderán presentarse ante un panel de investidores nacionais e internacionais no Investors Day, organizado polo CONSORCIO.

Os proxectos participantes deberán presentar un dossier de investimento que será facilitado aos investidores de forma previa ao Foro.

Os proxectos presentados ao panel de investidores serán avaliados segundo o seu mellor criterio profesional. Os investidores resérvanse o dereito de continuar as conversacións cos distintos proxectos e realizar unha oferta aos emprendedores.

B) Incompatibilidades.

Non poderá presentar proxectos o persoal vinculado ás entidades con representación no Comité técnico: CONSORCIO, GAIN, XESGALICIA e VIGO ACTIVO. Así mesmo, tampouco poderá presentar proxectos, o persoal vinculado ás Entidades colaboradoras no deseño e/ou execución do Programa, para a presente edición.

ANEXO IV

PROGRAMA DE CONSOLIDACIÓN. SELECCIÓN DOS MELLORES PROXECTOS DAS FASES DE ACCELERACIÓN DE TODAS AS EDICIÓNS ANTERIORES: CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE E AVALIACIÓN.

Despois de rematado o Investors Day correspondente á Quinta Edición do Programa, o Comité Técnico convocará aos proxectos empresariais participantes nas fases de aceleración das cinco edicións celebradas do programa ViaGalicia para os efectos de participar nun programa de consolidación no que se seleccionarán:

A. Mellor proxecto empresarial da Aceleradora ViaGalicia

A. 1. Criterios de selección:

- a. Logro dos obxectivos fixados en ViaGalicia
- b. Consolidación como empresa
- c. Grao de xeración de emprego
- d. Captación de investimento privado
- e. Grao de internacionalización
- f. Visión de futuro

Para a valoración destes criterios, o Comité poderá convidar a expertos externos representantes de fondos ou entidades de investimento.

A.2. Financiamento:

O elixido como mellor proxecto empresarial terá dereito a unha nova rolda de financiamento de 150.000 euros, coas seguintes condicións:

- 75.000 euros por parte de Xes Galicia, a través do mecanismo que os axentes de capital risco consideren mais idóneo.

- 75.000 euros por parte de Vigo Activo, a través do mecanismo que os axentes de capital risco consideren mais idóneo.

Promoverase, ademais, que os proxectos analizados para esta fase de consolidación poidan optar á capitalización dos seus préstamos vixentes no momento da súa avaliación .

Os proxectos destacados desta fase de consolidación daranse a coñecer nun acto público no que participarán todas as entidades colaboradoras no presente convenio.

B. Proxecto máis Innovador da Aceleradora ViaGalicia

B. 1. Criterios de selección:

O comité terá en conta os seguintes criterios:

a. Excelencia científica e tecnolóxica do proxecto: valorarase as investigacións e desenvolvementos previos realizados e que son a base do proxecto.

b. Equipo: valorarase o nivel de coñecemento e experiencia do equipo de traballo e a súa excelencia científica.

c. Posibles aplicacións da tecnoloxía: valorarase a aplicabilidade industrial da tecnoloxía, a existencia de diferentes aplicacións para diferentes sectores industriais.

d. Impacto no sistema de innovación de Galicia: aliñamento do proxecto cos obxectivos da RIS3 para Galicia (<http://www.ris3galicia>).

Para a valoración destes criterios, o Comité poderá convidar a expertos externos representantes dos distintos axentes do sistema de innovación de Galicia (Universidades, centros tecnolóxicos).

ANEXO V

MODELO DE CONVENIO DE CONCESIÓN DIRECTA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E _____ MEDIANTE O CAL SE PROCEDE Á REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DAS SUBVENCÍONS PREVISTAS NO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, XESGALICIA SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO S.A.U., O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO E VIGO ACTIVO SOCIEDADE DE CAPITAL DE RISCO DE RÉXIME SIMPLIFICADO SA; PARA O DESENVOLVEMENTO DA CUARTA EDICIÓN DO PROGRAMA VIAGALICIA.

Santiago de Compostela, _____

REUNIDOS:

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta DE GALICIA, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 116/2015, do 4 de outubro (DOG nº190, do 5 de outubro), actuando no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e polo Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria; presidente da Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e apróbanse os seus estatutos.

Doutra parte, D/Dna. _____, con NIF _____, e domicilio a efectos de notificacións en _____, en nome e representación de _____, promotor do proxecto _____.

EXPONEN:

I. Que a Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN), o Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE), XESGALICIA Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo PECHADO SAU (en diante, XESGALICIA), o Consorcio da Zona Franca de Vigo (en diante, o CZFV) e Vigo Activo Sociedade de Capital de Risco de Réxime Simplificado (en diante, VIGO ACTIVO), asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento da cuarta edición do Programa VIAGALICIA.

II. Que o citado convenio prevé diversas achegas económicas para os proxectos cualificados de invertibles polo Comité técnico do Programa VIAGALICIA, condición que cumpre o proxecto anteriormente indicado.

III. Este convenio alíñase, tanto coas previsións recollidas na Lei 5/2013, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, como coas prioridades contidas no Plan de Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (“RIS3”), en concreto, no programa cadro de Emprendemento Innovador.

Asemade, a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización establece como obxectivo no seu artigo primeiro o apoio ao emprendedor e a súa actividade empresarial, favorecer o seu desenvolvemento, crecemento e internacionalización e fomentar a cultura emprendedora e unha contorna favorable á actividade económica, tanto nos momentos iniciais ao comezar a súa actividade como no seu posterior desenvolvemento, crecemento e internacionalización.

IV. O carácter singular deste convenio vén xustificado pola existencia dunha selección previa do proxecto beneficiario que contou con debidos requisitos de publicidade e selección en réxime de concorrência competitiva.

Os requisitos de publicidade garantíronse mediante a publicación da convocatoria da quinta edición do Programa VIAGALICIA na páxina web do Consorcio da Zona Franca de Vigo, estando aberta a dita convocatoria a todos aqueles proxectos que cumpriran as condicións específicas do programa.

Con base no exposto, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.

O presente Convenio ten por obxecto regular os termos e condicións de execución da subvención prevista no convenio asinado entre GAIN, o IGAPE, XESGALICIA e VIGO ACTIVO, para o desenvolvemento na quinta edición do Programa VIAGALICIA.

Incorporarase ao presente convenio, un documento descritivo das características particulares do proxecto, segundo o modelo que a tal efecto facilítase.

Segunda.- Obrigacións do beneficiario.

Sen prexuízo das demais obrigacións establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das axudas concedidas quedan obrigados a:

- a) Proceder ao reintegro, da subvención percibida, no suposto de incumprimento das condicións de participación no programa VIAGALICIA, sinalados no Anexo II.
- b) Facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións; e someterse ás actuacións de comprobación que deban efectuar devanditos órganos relativas ao control financeiro, e demais aplicables; así como as levadas a cabo polo órgano concedente; e no seu caso, ás da autoridade de xestión, ás verificacións do artigo 13 do Regulamento (CE) nº 1828/2006 e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicar ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- d) Xustificar, nos casos nos que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, para o contrato menor; a solicitude como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto realizouse con anterioridade á solicitude da subvención, de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Prestar consentimento expreso á publicidade por parte da Administración Galega dos datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo aos deberes específicos en materia de información sobre convenios; e co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
- f) Prestar consentimento expreso á publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de novembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- g) Dar cumprimento aos deberes de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- h) Cumprir coas obrigas previstas na *Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia y buen gobierno*, relativas á obriga de sumministración de información, por ser beneficiario de subvencións.

Tercera.- Financiamento.

O importe total da axuda para conceder por parte de GAIN é dun máximo de 25.000 €.

O dito importe financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.770.0, dos orzamentos de GAIN para a anualidade 2018.

Para determinar a procedencia do pago das axudas ao beneficiario, tívose en conta a certificación emitida polo CONSORCIO, relacionando os proxectos cualificados, polo Comité Técnico do Programa, como “invertibles” e incorporados definitivamente á Aceleradora.

Cuarta.- Réxime de pagamentos.

Ao amparo do previsto nos artigos 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 63 do Regulamento de desenvolvemento da devandita Lei; poderase realizar pagos anticipados, respondendo estes a entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sendo as mesmas o desenvolvemento dos proxectos que resulten seleccionados para a súa incorporación á Fase de Aceleradora, de acordo coa seguinte distribución:

1) Primeiro pagamento.

Poderá pagarse ata un máximo dun 80% da cantidade destinada a cada un dos proxectos seleccionados, de forma anticipada; unha vez iniciado o exercicio 2018, e previa solicitude e entrega completa de toda a documentación solicitada para poder facerse efectivo este anticipo, presentada unha vez iniciado o exercizo 2018 e como data límite o 31 de marzo, nas condicións que se indican na cláusula seguinte.

2) Pagamento final e xustificación do mesmo.

A cantidade restante destinada a cada un dos proxectos seleccionados, pagarase tras a solicitude e xustificación nas condicións que se indican na cláusula seguinte.

O libramiento do presente pago requirirá o visto conforme de GAIN á xustificación e restante documentación presentada.

A solicitude para que se proceda ao pago da citada cantidade, deberá ser presentada como data límite o 31 de outubro de 2018.

Quinta.- Documentación

A. Documentación que se presentará á sinatura do convenio.

- Declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de minimis, durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso.
- Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, así como de entes privados.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Certificacións de estar ao corrente dos deberes tributarios estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, ou autorización expresa para realizar as devanditas consultas.

B. Documentación precisa para o abono do primeiro pagamento.

O beneficiario deberá presentar a seguinte documentación:

- Solicitude de pago.
- NIF / pasaporte.
- Certificado de entidade financeira relativo á titularidade da conta onde se debe realizar o pago, no que conste a razón social e NIF, así como o código internacional de conta bancaria (IBAN) ou o código internacional de identificación bancaria (BIC/SWIFT).
- Declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de minimis, durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso.
- Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das

administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, así como de entes privados.

C. Documentación a presentar para o pagamento final.

Tras a finalización da fase de Aceleración do Programa, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de pago.
- NIF / pasaporte (no caso de solicitante diferente).
- Declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de minimis, durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso.
- Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, así como de entes privados.
- Certificacións de estar ao corrente dos deberes tributarios estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, no caso de que as presentadas ao momento da solicitude de pago do anticipo, non se atopasen vixentes.
- No caso de estar exento do IVE, documentación acreditativa de dita exención.
- Carta de pago á que fai referencia o artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, relativa ao reintegro de remanentes non aplicados, así como os intereses derivados destes; esixible nos casos nos que se prevé a posibilidade de concesión de anticipos.
- Memoria xustificativa de actuacións: xustificarse o cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando actividades realizadas e obxectivos conseguidos. O beneficiario poderá achegar calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións subvencionadas. A

citada memoria xustificará tanto as actuacións levadas a cabo con cargo ao anticipo cobrado, como as relativas ao cobro da cantidade restante.

- Memoria económica xustificativa: xustificarse o custo das actividades realizadas, mediante:
 - a) Relación clasificada dos gastos e investimentos na posta en marcha do proxecto, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
 - b) Xustificación dos gastos realizados: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro da anualidade correspondente.
 - c) Xustificación dos pagos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pago. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pago. Non se admitirán os pagos en efectivo.

Como complemento da citada documentación, GAIN recibirá o informe do titor designado por parte do CONSORCIO, no que se verifique e valide a adecuación dos gastos aos fitos ou actividades planificadas e realizadas no desenvolvemento do Programa.

Sexta- Gastos subvencionables.

A modo indicativo, considéranse elixibles os seguintes conceptos:

- a) Adquisición de equipamento e material instrumental.
- b) Subcontratacións con organismos de investigación, cun límite máximo do cincuenta por cento (50%) da axuda.

A subcontratación rexerase polo disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando ao efecto os límites

establecidos no punto 7 do citado artigo en canto a persoas ou entidades coas que non se pode concertar a subcontratación.

Así mesmo, de conformidade co artigo 27.7 da Lei 9/2007, o beneficiario deberá achegar unha declaración expresa de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas con el.

- c) Gastos de asesoramento no rexistro de patentes.
- d) Servizos de apoio para a elaboración do plan de negocio, para a saída ao mercado, ou para a procura de investidores.
- e) Calquera outro que se considere relevante para a viabilidade do proxecto empresarial.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro; o beneficiario deberá solicitar como mínimo 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que, polos seus especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

GAIN achegará o financiamento destas axudas a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, sendo condición indispensable para a súa concesión, o cumprimento por parte dos seleccionados dos requisitos legais para ser beneficiarios.

Sétima- Réxime de garantías .

O artigo 65 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, establece a obrigatoriedade de beneficiarios e entidades colaboradoras, de constitución de garantías, nos casos, entre outros, nos que se prevé a posibilidade de realización de pagos anticipados.

O presente convenio establece o pago anticipado de ata un 80% da cantidade destinada ao financiamento do proxecto.

Considerando que a finalidade que se persegue coa devandita achega, é dar apoio aos diferentes proxectos, facilitando a formalización ou constitución dos mesmos en empresas, e reducindo a carga económica que soporta calquera empresa, tanto nas súas orixes, como no

inicio da súa actividade; exonérase da constitución de garantía legalmente prevista; conforme á previsión recollida no artigo 67 do Regulamento da LSG, relativo á posibilidade de autorización por parte do Consello da Xunta, da exención do deber de constitución de garantías.

Oitava- Alteración das actuacións.

A necesidade de modificar as actuacións para realizar, despois de que supón alteración das condicións tidas en conta á hora da concesión, poderá dar lugar á modificación da subvención concedida. En calquera caso, só se procederá á citada modificación, tras o informe favorable do Comité Técnico de VIAGALICIA.

O procedemento de aprobación de modificación das actuacións iniciárase coa solicitude por parte do interesado, na devandita solicitude deberá indicarse o alcance da modificación proposta, de maneira tal que queden claras as actuacións para modificar e o desenvolvemento do proxecto. Dita solicitude presentárase no rexistro da Axencia Galega de Innovación, o citado rexistro está na Praza de Europa, 10-A, 6ºB, CP 15707 de Santiago de Compostela.

Despois de dita solicitude, GAIN procederá a recadar o correspondente informe favorable ou visto e praxe do Comité técnico de VIAGALICIA.

Tras as anteriores actuacións, GAIN aprobará, no seu caso, a modificación proposta.

A anterior modificación, de producirse, formalizarase no correspondente documento ou addenda.

Segundo as previsións do artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, relativo á contratación sustentable, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

Novena- Compatibilidade con outras axudas

Estas axudas serán compatibles con outras establecidas por esta ou outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin sen

que, en ningún caso, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Non obstante o anteriormente indicado, as entidades cuxos proxectos fosen subvencionados con anterioridade por GAIN no marco de calquera outro programa similar na súa fase de aceleración, quedarán excluídas da subvención de GAIN prevista neste convenio.

Décima- Réxime aplicable e reintegro

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Igualmente procederá o reintegro (total ou parcial) no caso de incumprimento e / ou mal aproveitamento da aceleración por parte dalgún dos proxectos seleccionados na fase final, o que deberá reflectirse nun informe suficientemente motivado.

Estarán suxeitas igualmente ao réxime de minimis establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas minimis (DOUE L352/1, do 24 de decembro de 2013).

En virtude do disposto no artigo 3.2 do anterior regulamento, o importe total das axudas de minimis concedidas por un estado membro a unha única empresa, non excederá de 200.000€ durante calquera período de tres exercicios fiscais. O límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de minimis pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen, ou do obxectivo perseguido. O beneficiario deberá presentar unha declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de minimis, durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso.

Décimo primeira.- Mecanismos de seguimento e execución.

Para o correcto seguimento das accións do convenio, crearase unha comisión de seguimento, paritaria entre representantes de GAIN e representantes da entidade beneficiaria.

Décimo segunda.- Vixencia.

O presente convenio estará vixente desde o día seguinte ao da súa firma ata o 31/12/2018, sen posibilidade de prórroga.

Décimo terceira.- Natureza xurídica e resolución de conflitos.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nestas cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei; e pola restante normativa que, no seu caso, resulte de aplicación.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Axencia Galega de Innovación O representante legal da entidade_____

Francisco José Conde López

MODELO DE DOCUMENTO DESCRIPTIVO DAS CARACTERÍSTICAS PARTICULARES DO PROXECTO.

1. Denominación proxecto:

2. Empresa/CIF:

3. Relación promotores/NIF:

-

-

-

4. Breve descripción proxecto:

5. Data inicio/fin custos subvencionables:

6. Contía da axuda a fondo perdido:

7. Outros datos de interese: